CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.

Contidos

- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No proceso de ensino-aprendizaxe do inglés como lingua estranxeira, aplicamos o enfoque metodolóxico orientado á acción, concordando coas propostas do Consello de Europa no Marco Común de Referencia para a Aprendizaxe, a Ensinanza e a Avaliación de Linguas.

Este enfoque está orientado á acción, en canto que considera aos aprendices dunha lingua principalmente como axentes sociais, é dicir, como membros dunha sociedade que teñen tarefas que levar a cabo nunha serie determinada de circunstancias, nun ámbito específico e dentro dun campo de acción concreto.

O enfoque metodolóxico baseado na acción tamén ten en conta os recursos cognitivos, emocionais e volitivos, así como toda a serie de capacidades específicas que un individuo aplica como axente social.

Aínda que está implícito no enfoque anterior, seguimos aplicando o enfoque comunicativo xa que o desenvolvemento da competencia comunicativa é o obxectivo prioritario da nosa práctica docente.

En consecuencia, a nosa acción metodolóxica é activa, participativa, progresiva e continuada e transversal, xa que todos bloques da nosa materia son parte integral de cada unha das nosas unidades didácticas.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños baseados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real e levadas a cabo en inglés. Sen embargo, hai que subliñar a importancia da adquisición e posta en práctica de estratexias de mediación oral e escrita respondendo ao espírito do plurilingüístico como fonte de tolerancia, riqueza e coñecemento.

Priorizamos na aula o traballo colaborativo en pequenos grupos heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis. Deste xeito, fomentamos a integración e a socialización, o progreso na capacidade comunicativa e a adquisición das competencias clave. Tanto os temas e tarefas propostos como as diferentes formas de traballo axudan a fomentar o espírito científico, crítico e o emprendemento.

Hai que mencionar tamén o traballo de adquisición de estratexias de aprendizaxe, que posibilitan a mellora e desenvolvemento dos procesos mentais necesarios para alcanzar os nosos obxectivos. Segundo a destreza, utilizaremos as estratexias máis adecuadas:

- Reading (comprensión escrita): predición do contido do texto a partir do título, subtítulo e ilustracións; lectura da primeira oración de cada parágrafo para atopar a idea central; identificación da finalidade do texto (informar, entreter, etc.); procura de información específica (scanning); identificación das palabras chave nun texto; inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas); dedución do significado das palabras polo contexto

- Listening (comprensión oral): comprensión de enunciados; anticipación de contidos; atención selectiva; identificación de información específica; inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronuncia; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación; escoita comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con distintos acentos, etc.

- Speaking (produción oral): estratexias de elaboración que facilitan a interacción na aula tales como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e estrutura lóxica; estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre mellorar a pronuncia, o ritmo e a entoación nas producións orais.

- Writing (expresión escrita): á marxe das estratexias comentadas no apartado anterior, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento da imaxinación e a creatividade, e a procura da información en diversas fontes. Os alumnos/as deberán atender tanto ao proceso de escritura como ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante o uso de adxectivos, adverbios, expresións temporais, conxuncións e conectores, e respectando, ao tempo, a estrutura destes.

Finalmente, destacamos o uso racional das tecnoloxías como recurso inclusivo, motivador e favorecedor de espazos comunicativos para a comunicación oral e escrita en contextos reais. Neste sentido, este ano académico o Departamento de Inglés participa no programa de intercambio Edu-Exchanges, que permitirá aos nosos alumnos ter unha experiencia integral de socialización, intercambio de ideas e sentimentos, e uso efectivo da lingua .

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Think Ahead 3 Student's Book. (Burlington Books)
Libro de exercicios Think Ahead 3 Workbook. (Burlington Books)
Materiais de elaboración propia dentro da Aula Virtual e outras plataformas educativas (Genially, Canva, etc.)

Recursos audiovisuais auténticos procedentes da Internet

Os libros de de texto seleccionados ofrecen unha gran variedade de tarefas con apoio audiovisual e actividades interactivas. Asemade, as tarefas dos libros están graduadas por nivel de dificultade, contribuíndo a facilitar a atención á diversidade na aula. Os materiais e recursos empregados son variados, apelan a diferentes estilos de aprendizaxe, e están en formato analóxico ou dixital. O seu deseño é inclusivo, é dicir, adáptase á diversidade do alumnado, e teñen un enfoque comunicativo e orientado á acción.

Ademais, empregamos materiais de creación propia, elaborados principalmente a través de ferramentas dixitais de aprendizaxe como Genially ou Canva, ou na propia Aula Virtual do centro. Outro dos recursos didácticos utilizados son páxinas webs especializadas no ensino do inglés (por exemplo, BBC Learning English), así como de contido xeral ou informativo (Youtube, The Guardian, etc.)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Consistirá nun test de diagnóstico para avaliar os coñecementos previos do alumnado e/ou a realización de tarefas para a súa corrección na aula ao comezo do primeiro trimestre.

Outros procedementos posibles serán a realización de un cuestionario de lecer e afeccións, a redacción dun e-mail de presentación ou de breves entrevistas orais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	16	17	16	17	100
Proba escrita	52	52	52	52	52	52	52
Táboa de indicadores	48	48	48	48	48	48	48

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. **COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25%**

Instrumentos de avaliación: Proba escrita (incluíndo tarefas do tipo cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de resposta curta, ...)

2. **PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4): 10%**

Instrumentos de avaliación: Proba oral (entrevista, role-plays, presentacións, ...) /Rúbricas/guía de corrección.

3. **PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 25%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. **INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 5%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. **MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 5%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. **PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7. **INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

8. **TAREFAS DA CLASE (Todos os CA): 20%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/ guías de corrección

Antes de cada avaliación realizarase a lo menos unha proba obxectiva que inclúa os puntos 1-4, é dicir, unha tarefa de comprensión de lectura, unha de comprensión oral, unha de expresión escrita e unha de expresión oral. As probas realizaranse ao longo de cada trimestre, sendo os alumnos debidamente informados das datas.

O valor total desta proba será do 65% da nota, e para acadar o valor da nota final do exame trimestral engadiranse as puntuacións correspondentes aos puntos 5-7, 15%. mais a do punto 8: 20%.

A cualificación das tarefas de clase inclúe un proxecto individual ou en grupo, ou calquera outra tarefa proposta pola docente, que terá unha cualificación máxima dun 10% na nota a avaliación correspondente. O 10% restante cualificarase segundo a observación diaria na aula e a táboa de valoración do traballo persoal incluída de seguido:

Para a avaliación do traballo persoal valorarase tanto a correcta execución das diferentes tarefas como o cumprimento dos seguintes parámetros:

1. Traballo e implicación nas actividades na aula/ fóra da aula: Indicadores SI/ NON:

- Trae habitualmente o material necesario para as clases
- Realiza o traballo asignado dentro e fóra da aula nos prazos requiridos
- Ten unha participación activa nas actividades de aula tanto individuais como de grupo

2. Esfuerzo por progresar e mellorar:

- Axústase ás instrucións e pautas dadas para a realización das tarefas asignadas.
- Procura traballar con corrección na medida do posible e polos seus propios medios (sen empregar tradutores ou plaxiar da Internet...)
- Mostra interese nas correccións dos seus traballos intentando auto corrixirse na medida do posible.
- Na realización das tarefas non hai discordancia cos seus coñecementos e a súa evolución na materia.
- Preocúpase por pedir aclaracións, axuda, reforzo, etc., para acadar un mellor rendemento.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres:

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas. É dicir, o alumnado que supere a terceira avaliación, que coincide coa avaliación ordinaria, terá superada a materia. Así mesmo, a nota final da avaliación ordinaria non poderá ser máis baixa que a nota final da terceira avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado coa materia sen superar aplicaráselle o protocolo do plan de reforzo de materias sen superar elaborado polo departamento.

Os docentes informarán aos alumnos/as do plan de recuperación da materia pendente e axudarán nas dúbidas e resolvendo os problemas cos que se atopen. Dado o carácter de continuidade da nosa materia, o alumnado que aprrobe a materia de Inglés no curso no que está matriculado nese ano académico na 2ª avaliación, quedará aprobado na materia pendente do curso anterior, ademais farase entrega ao alumnado dun caderno de tarefas de reforzo que terán que entregar completo e cunha corrección do 60%.

Os instrumentos de avaliación serán diversos: probas escritas e táboas de indicadores, rúbricas de traballo de aula, checklists e entrega e valoración dun caderno de traballo realizado fóra da aula.

Dado que nesta materia é imprescindible a avaliación continua, no caso de non superar unha avaliación, ésta darase por superada se a valoración da seguinte é positiva.

Se o alumnado con materia pendente non acada unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso no que está matriculado, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba ordinaria de xuño, realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade e as necesidades do alumnado.

O alumnado terá dúas posibilidades de superar a materia:

1. Entregando o caderno de tarefas de reforzo a avaliar completo e cunha corrección do 60% e superando a segunda avaliación do presente curso.
2. Superando unha proba escrita a realizar en xuño 2024. Os contidos son os incluídos na programación didáctica do curso 22-23. O/ A estudante será avisado da data desa proba coa suficiente antelación.

A proba final terá as seguintes partes:

- Reading Comprehension 25%
- Writing 25%
- Vocabulary 25%
- Grammar 25%

A nota mínima requirida para superar a materia será un 5.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. Daquela, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

Como punto de partida tomamos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son quen de acadar un nivel mínimo sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Consideramos este aspecto ao incluír un repaso continuo de estruturas e vocabulario. Ofrécense tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as, mostrando amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e, á vez, materia de ampliación para os de nivel máis avanzado. Con este conxunto de materiais, o profesorado pode elixir e adecuar as tarefas ao nivel concreto de cada alumno/a.

- A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, debido a que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e o contexto no que os alumnos se desenvolven.

Tomamos en conta tanto este factor como as diferenzas no ambiente sociocultural do que proceden os alumnos/as, pois todo iso inflúe notabelmente non só no nivel das súas motivacións individuais, senón tamén na forma máis lóxica e funcional de presentarlles os contidos. Seleccionáronse temas que fan posible a implicación emocional dos alumnos/as dado o noso convencemento de que, cando se apela ao que directamente lles afecta e interesa, a resposta ao estímulo está asegurada.

- Os estilos de aprendizaxe

Ao longo dos últimos anos leváronse a cabo toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfrenta ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, mesmo así, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden precisar traballar máis e aprender máis amodo obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas inclúense táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática paso a paso, do mesmo xeito que unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para os alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe, deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuenciación de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade promovemos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que non só sexan conscientes do seu progreso, senón que tamén aprendan de maneira máis efectiva, o cal implica maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

- Os intereses dos alumnos/as

É un feito que os intereses dos alumnos/as diversifícanse moito máis na educación secundaria. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou a necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, tentando que sexan de interese para a maioría.

Como resumo, podemos dicir que empregaremos as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.

- Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
- Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
- Actividades de reforzo e consolidación.
- Aprendizaxe por Proxectos
- Traballo colaborativo.
- Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
- Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
- Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comprensión audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico	X		X		X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X			X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X				X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Cidades e comunidades sustentábeis			X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.11 - Saúde e benestar		X	X	X		X
ET.12 - Fin da pobreza			X			
ET.13 - Industria, innovación e infraestrutura						X
ET.14 - Produción e consumo responsábeis					X	X
ET.15 - Vida de ecosistemas terrestres			X			
ET.16 - Traballo decente e crecemento económico	X	X				X
ET.17 - Redución de desigualdades		X		X		

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC. O mesmo pasa con temas transversais como o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico. Todos son elementos tratados ao longo do curso, aínda que nalgunha das unidades afondamos de xeito máis específico nalgún dos aspectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Todo o curso, todos os niveis: Club de lectura	O departamento de inglés participa nas actividades do Club de Lectura do centro. Así, elaboraremos certas actividades en inglés nas que participa o alumnado de todos os niveis de xeito voluntario	X	X	X
2º/ 3º trimestre: Charla presencial / virtual en lingua inglesa.	Organizaremos unha charla-coloquio con autores de fala inglesa presencial ou por videoconferencia. Aínda por determinar		X	X
2º trimestre: Taller sobre curiosidades do mundo británico	Taller no que invitamos a un poñente e realizamos unha serie de actividades participativas.		X	
3º trimestre: Cine/ Teatro en lingua inglesa.	Temos previsto organizar unha saída ao cine ou o teatro, pero aínda está por determinar.			X

Observacións:

Colaboramos ademais en diferentes programas organizados polo centro, entre eles, no de sustentabilidade, no Edu-Innova e no programa de mediación Convíve-t.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento e impulso a animación á lectura e ao uso de estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Tanto o profesorado e alumnado responderán ao longo do curso a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

- Sempre
- Ás veces
- Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados